

BÓTALLE UNHA MAN AO MONTE

Aínda que toda a axuda é importante, en primeiro lugar debemos de lembrar que as boas intencións non bastan e para evitar accións contraproducentes é imprescindible intervir de xeito coordinado e supervisado por persoas e/ou colectivos cualificados.

As especies que habitan os nosos montes teñen recursos para recuperarse pero podemos botarlles unha man atallando o maior perigo: a perda da parte superficial do solo. É no solo onde están os nutrientes e nos nutrientes a vida. Coas seguintes recomendacións minimizaremos os danos do lume e favoreceremos a recuperación dos diferentes ecosistemas.

Ecosistemas na UCI

O primeiro que debemos saber é como non aumentar o dano, do mesmo xeito que a un ferido, debemos ter moitísimo coidado ao movelo:

- Evitar retirar os restos queimados: esa maraña de esqueletos reteñen toneladas de solo.
- Evitar no posible pisar e circular polas zonas queimadas.
- **NON espallar sementes sen garantías**, pois poderíamos estar favorecendo especies invasoras nas zonas queimadas: acacia, mimosa, herba da pampa, gramón, céspedes.... Se tes dúbidas consulta.
- Non labrar o terreo
- Evitar a entrada de gando



LUME, NUNCA MAIS

 Amigos
da Terra

Identificando o máis grave

As zonas onde é máis prioritario actuar deben ser as zonas de maior pendente, preto dos cursos de auga e as zonas máis afectadas polo lume.

Para identificar as zonas máis afectadas polo lume debemos fixarnos nos restos que quedan no chan:

- Se observamos restos carbonizados de follas ou a uns poucos centímetros o solo non está queimado, quere dicir que a intensidade non foi alta, polo que o solo segue a ser resistente a erosión. Trataríase dunha zona non prioritaria pois no chan quedan sementes e moitas plantas agromarán de raíz.
- Se no chan non se observan restos de follas, nas árbores non quedan follas e no solo predomina cinza gris clara, quere dicir que o lume foi moi intenso e duradeiro. Estas zonas son as prioritarias para actuación.

Tamén temos que ter en conta que o monte é privado polo que antes de actuar nunha zona deberíamos pórnos en contacto coas persoas propietarias. O máis sinxelo será actuar en coordinación coas Comunidades de Montes Veciñais en Man Común.



**Amigos
da Terra**

Primeiros auxilios

O primeiro obxectivo que temos é reter o solo ao máximo polo que, ademais de non retirar o que quede, podemos:

Espallar palla (de cereais), labras de madeira (sen vernices nin tratamentos), broza de zonas non afectadas (aseguramos sementes autóctonas, ollo coa presenza de invasoras).

Facer filtros vexetais ou pequenos diques preto das correntes de auga en franxas perpendiculares á pendente. O obxectivo é reter o solo e evitar a escorrentía que contaminaría regatos, ríos e rías.

Sementar cereais de inverno como centeo e trigo. O seu rápido crecemento reten o solo polo que facilitan a rexeneración do ecosistema. NON usar mesturas de herbas ou outras especies, poden levar especies invasoras. Este método non é efectivo nas zonas frías de Galicia nin no caso de fortes choivas despois dos incendios. Esta sementeira deberíase reservar só para as zonas máis queimadas nas que non se poida botar palla ou con risco de ser colonizadas por especies invasoras.

Instalar refuxios de fauna, caixas niño, comedeiros de aves....: A nosa fauna é a mellor prantafragas.



LUME, NUNCA MAIS

As sementeiras de árbores

Xa con máis calma podemos realizar sementeiras de árbores autóctonas. Estas tardarán máis en xermolar pero contribuiremos a espallar as nosas fragas e o efecto protector será máis duradeiro. As plantacións convencionais son máis lentas, caras, requiren ferramenta e nun primeiro momento poden favorecer a erosión.

A sementeira consiste en apañar sementes de árbores autóctonas de zonas próximas ao incendio e espallalas directamente por zonas queimadas. As sementes mercadas non sempre ofrecen garantía de ser autóctonas, mellor apañadas nos montes, canto máis preto da zona incendiada mellor.

A densidade óptima de sementa debe ser moi alta, pois por unha banda, moitas de estas sementes cumpriran a función de alimentar a fauna que quedou sen sustento e por outra queremos ter unha alta densidade para chegar ao ambiente de fraga o antes posible.

As especies de árbores para estas accións deben de ser, evidentemente, autóctonas, e na medida do posible de montes próximos non afectados, de xeito que teñamos maior seguridade de que son as axeitadas para ese terreo.

rehabilitación

Algunhas das especies que se poden apañar e dispersar

- **Carballo e cerquiño** (*Quercus robur* e *Q. pyrenaica*): Apañar directamente do chan. As landras con burakiño tamén poden xermolar polo que non é preciso facer selección. Ollo cos exemplares de parques e xardíns, aínda que se parezan en ocasións hai especies que non son propias das nosas fragas.
- **Castiñeiro** (*Castanea sativa*): Apañar directamente do chan. Os ourizos podemos abrilos cos pes.
- **Sobreira** (*Quercus suber*): Apañar as landras do chan.
- **Bidueiro** (*Betula alba*): ollo cos exemplares de xardíns, a maioría son dunha especie similar pero que non é propia das nosas fragas. Se aínda atopamos sementes débense apañar directamente da árbores pois son moi pequeniñas e están xuntas en “piñas”.

Carballos, sobreiras e castiñeiros apañaremos uns 5 kg que sementaremos nuns 1.000 m² (aprox. 32x32 metros). De bidueiro abundarán uns 100 g, unhas 100.000 sementes (moitas son estériles).

O ideal é mesturar especies para evitar o monocultivo pero usaremos o que teñamos dispoñibles. A sementeira realizarémola en liñas de 150 pasos (aprox. 100 m) separadas 1 metro, de xeito que cada 10 liñas teñamos cubramos os 1.000 m². As sementes de bidueiro pódense espallar a boleo, pero as grandes debemos enterrarlas a unha profundidade igual ao seu tamaño, un paso unha semente. Dependendo do terreo poderemos usar un sachiño ou pode ser suficiente cun pau rematado en punta. Estas medidas son para poder calcular as sementes que precisaremos, como o noso obxectivo é favorecer a rexeneración da fraga facelo irregular axudará a que o resultado quede máis natural.

Outras especies interesantes para zonas máis húmidas, próximas aos ríos, poden ser freixos, abelairas, salgueiros, sabugueiros.



Amigos
da Terra





**Amigos
da Terra**

Rúa Bedoia, 5-2ºD
32004 Ourense
Tlf. 988 374 318

Rúa Velázquez Moreno, 9-2º
36201 Vigo (Pontevedra)
Tlf. 986 229 089

info@amigosdaterra.net
www.amigosdaterra.net

faite socia/o !
faite activista !

Plantacións

Tamén é posible facer plantacións de árbores procedentes de viveiro ou transplantar pequenas arbores novas extraídas doutras zonas. É un proceso máis laborioso e que require máis recursos pero que tamén pode ser interesante. Amigos da Terra dispón dun “Manual de plantafragas” coas recomendacións para este proceso.

Máis información útil:

- Especies exóticas invasoras a evitar:

https://gl.wikipedia.org/wiki/Flora_invasora_de_Galicia

<http://www.ciencias->

marinas.uvigo.es/bibliografia_ambiental/plantas/Plantas%20aloctonas/Plantas%20invasoras%20de%20Galicia.pdf

- Intensidade do lume:

https://lourizan.xunta.gal/sites/default/files/avaliacion_erosion_incendios_2015.pdf

- Sementeiras:

<http://uvigo.gal/DOCUMENTOS/planificacion/sementeira.pdf>

- Plantacións:

“Manual de plantafragas”
de Amigos da Terra



LUME, NUNCA MAIS